
DE GALICIA, ESPAÑA E MÁIS ALÁ

Novas desde Galicia

Ao longo do ano 2009 podemos rexistrar en Galicia, á beira de diversas novidades editoriais, que noutro lugar se citan e comentan, a realización doutras iniciativas relacionadas coa historia da educación. Así, a comezos de xullo celebrouse nas Escolas Proval de Gondomar, un dos espazos de maior simbolismo en relación coas escolas creadas pola emigración galega a América, o Congreso “Emigración e educación (1900-1936)”, organizado con ocasión do primeiro centenario destas escolas. O Congreso, que contou cun notable número de conferenciantes e que serviu para realizar unha revisión historiográfica da cuestión, tivo como organizadores fundamentais aos profesores Xosé C. Méixome e Xosé M. Malheiro, contándose ademais co apoio institucional do Consello

da Cultura Galega. No mesmo mes de xullo celebraríase en Foz o 8º Curso de Verán de Historia da Educación, que dirixe o profesor Uxio Otero Urtaza, que se centrou nesta ocasión nas imaxes e na historia da infancia a través do cine, singularmente no período do primeiro tercio do século XX. Foi posible poder ver imaxes internacionais que, entre nós, eran descoñecidas. Informacións diferentes e de alcance histórico-educativo poden ser recollidas em distintos blogs; traemos hoxe a estas páxinas o que desde hai anos ven alimentando o profesor pontevedrés Xosé Alvarez www.anosdomedo.blogspot.com, rico en datos sobre a represión política dos ensinantes e sobre a pedagogía franquista. E para os estudosos e lectores hai que recordar que a colección enteira deste Anuario de Historia da Educación Sarmiento pode ser consultada em www.udc.es/dep/pdce/sarmiento.htm.

Novas Españolas e Internacionais

Hai abondosas manifestacións relacionadas cos estudos e a investigación en historia da educación e nas que teñen participado distintos profesores de Galicia:

No pasado mes de Xullo celebrouse e Pamplona o XV Coloquio Español de Historia da Educación coa temática "El largo camino hacia una educación inclusiva: La educación especial y social". Queda constancia del en dous volumes que en 1500 páxinas recollen a totalidade das comunicacións presentadas.

No pasado mes de setembro celebrouse na localidade portuguesa de Paredes, abeirada a Porto, o VII Encontro Ibérico de Historia da Educación, arredor da temática dos exilios políticos e das ideas pedagóxicas en Portugal e España entre os séculos XVIII e XX.

En outubro foi a Universidade de Salamanca, baixo a dirección do profesor José M^º Hernández Díaz, a organizadora das IV Conversacións Pedagóxicas, adicadas a estudar as influencias alemáns na educación española e iberoamericana (1809-2009).

A "Sociedad Española de Historia de la Educación" (SEDHE) que mantén a páxina www.sc.ehu.es/sfwsedhe, onde se poderán ver amplíadas as anteriores informacións, é editora da publicación *Historia de la Educación. Revista interuniversitaria*, co fundamental apoio do Servicio de Publicacións da Universidade de Salamanca. Neste ano 2009 foron dous os números editados, o 27 co monográfico "educación e construción

das identidades nacionais", coordinado pola profesora María del Mar del Pozo (con varias colaboracións desde Galicia) e o nº 28, sobre educación física, corpo e educación institucional, coordinado por Pedro L. Moreno, unha cuestión na que anteriormente tamén incidiron, a través do nº 20 da publicación *Areas. Revista de Ciencias Sociales*, adicado a hixienismo e educación, os profesores Antonio Viñao e o mesmo Pedro Luis Moreno.

A Societat d'Història de l'Educació dels Països de Llengua Catalana desenvolveu pola súa parte diversas actividades e encontros, a beira das súas publicacións periódicas *Educació i Història* e o *Butlletí Informatiu* de carácter electrònic, que conta com 29 números.

No pasado verán celebrouse en Utrech a 31 *International Standing Conference of the History of Education* (ISCHE) coa temática "A historia da educación popular".

No mes de Novembro tivo lugar en Rio de Janeiro a realización do IX Congreso Iberoamericano de Historia da Educación Latinoamericana.

Ao longo de todo o ano mantivo un constante programa de actividades o "Centro Internacional de la Cultura escolar" (CEINCE) que, en Berlanga de Duero (Soria) dirixe o profesor Agustín Escolano Benito.

O profesor galego Antón Costa Rico foi electo en 2009 Presidente da "Sociedad Española de Historia de la Educación" (SEDHE), no marco da ordinaria renovación da súa Xunta Directiva.

E. LISTER LÓPEZ, Praga, Agosto 1968: Páginas de un diario personal. Silente, Guadalajara, 2008, 320 págs

Lendo estas *Páginas de un diario personal*, do historiador Enrique Líster López, sobre os acontecementos de Praga naquel longo e cálido verán de 1968, sentía eu emocións moi variadas e por moi variadas razóns. Sobre o libro, editado no 2008, planea a sombra inmensa do xeneral Líster, un galego inmortal inmortalizado por Antonio Machado nun poema maxistral (*si mi pluma valiera tu pistola de capitán, contento moriría...*).

Planea a súa sombra e a súa palabra autorizada e definitiva na hora xusta de vulgar o acontecido en Praga por aqueles días. E co xeneral, toda unha catarata de noticias e novidades sobre a situación do Partido Comunista de España diante daquela situación inédita. E entre aquela zarabanda de datos, rumores, dimes e diretes, unha copiosísima información sobre o que poderíamos chamar a intrahistoria do PC. Porque nese libro hai fotos de xente amiga e fotos novas que eu non pensaba ver nunca. Informacións moi contrastadas e inesperadas sobre persoas coñecidas. Sorpresas en moitos comportamentos. En fin, desmitificación por veces moi valiosa nestes tempos de tantísima revisión. Non sei. É como verlle a alma a todo un colectivo, a toda unha organización, a unha estrutura institucional densa, sólida, aparentemente inescrutible e repleta de misterio. Porque, como é ben sabido, así eran daquela as organizacións políticas clandestinas e revolucionarias.

Mergullarse, pois, a fondo nesas páxinas do diario de Enrique Líster júnior é como revivir aquela atmósfera densa, apaixonada, auroral e a un tempo incerta dos

anos 60. Naquel tempo de todos os agoiros, como diría Uxío Novoneyra. Naquel tempo, diría el, dos *soños teimosos*. Libro que é reconto de certos acontecementos, pero tamén pura narrativa histórica. Libro por certo que debería ter aparecido xa por aquelas datas, aínda que quizáis houbera un terremoto político de ter sido así...

Por iso Enrique Líster sénior, á vista de tantas e tan fondas incertezas, pensou que sería moito mellor deixar a súa publicación para máis adiante. E foi agora o momento. Cando il xa non está con nosoutros. Enrique Líster López, o historiador e profesor de Linguas Eslavas na Universidade de Poitiers, o fillo do xeneral Líster, nacido e criado sobre todo en Moscú, pero tamén entre Praga e París, decidiu obedecer ao seu pai lexendario, a Enrique Líster, a *Liste pronunciado Líster*, como nos conta Margarita Ledo no seu filme xa tan coñecido e tan referencial. E fixo ben Líster López en obedecer ao xeneral. O libro, de terse publicado daquela, podería ser mal interpretado. Porque o xeneral Líster era aínda un peso pesado no Comité Central do PCE. E a intervención das tropas do Pacto de Varsovia en Checoslavaquia era un asunto tan grave e delicado como o 56 húngaro por exemplo.

Páginas de un diario personal En fin, libro moi desmitificador no mellor sentido da palabra. Libro con unha valiosísima introdución explicativa datada moi recentemente e repleta de noticias do máximo interese político. E libro-crónica de acontecementos históricos punteiros naqueles anos. Crónica permanentemente contextualizada polo autor con numerosas e expresivas notas a pé de páxina que, unhas veces aclaran e outras iluminan situacións que estaban até agora mesmo

na máis impenetrable escuridade. *Praga. Agosto 1968. Páginas de un diario personal* é máis que un diario. Ven sendo non só unha das mellores crónicas daqueles acontecementos narrada en primeira persoa e in situ, senón unha interpretación dos acontecementos que xurdirían pouco despois na primeira experiencia histórica socialista europea: desintegración da URSS, muro de Berlín, desarticulación política dos países do Leste, etc.

Un libro, en fin, para ler e comentar.

H.B.

M. LORENZO MOLEDO e M.A. SANTOS REGO, *Educación para a cidadanía e os profesores. Visión e desafío*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2009, 288 páxs.

A materia de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos, nova área de coñecemento que a LOE, tras de ser aprobada no Parlamento en 2006, introduce no sistema educativo, ten a intención de capacitar á infancia e mocidade, a través da escola, para o desenvolvemento dos “valores asociados a unha concepción democrática da organización social e política”. Mais a súa presenza no currículo ten suscitado non poucos debates cargados de prexuízos e sospeitas, formando parte, a maioría das veces, dunha calculada estratexia de desgaste que enfronta ao Goberno e unha parte importante da sociedade cos sectores políticos e relixiosos máis conservadores. A educación para a cidadanía non é unha cuestión de dereitas ou e esquerdas senón a gran cuestión da democracia, para a que se reclama moderación e prudencia como a mellor

vía de superación dos conflitos que ten provocado a súa implantación. A escola non queda á marxe deste debate, como reflicte a preocupación de Miguel Anxo Santos Rego e María do Mar Lorenzo por abrir camiños a través da obra que presentamos, *Educación para Cidadanía e os profesores. Visión e desafío*.

A comunidade educativa está a padecer, en moitos casos, as consecuencias negativas derivadas da polémica na rúa, cando non as decisións absurdas tomadas desde as instancias políticas máis belixerantes, como impartir a materia en inglés, caso da Generalitat valenciana, ou incluso a propia obxección como adoptou a Comunidad de Madrid con graves prexuízos para os dereitos, tanto de profesorado como de alumnado, de impartir ou recibir axeitadamente os seus contidos. Afortunadamente, como admiten os autores, a inmensa maioría dos profesionais do ensino ten amosado unha vez máis “sensatez e implicación suficiente neste vieiro de esperanza para o definitivo pulo á democracia e á sociedade civil nun país que aínda conserva vellos receos e irredentos prexuízos cara a participación da cidadanía no debate que recomenda a mellora dos asuntos que atinxen ao crecemento individual e colectivo”.

Entretanto, abundante ten sido a literatura producida sobre o propio debate aberto na sociedade e as súas consecuencias nos diferentes ámbitos, nomeadamente alumnado e profesores. Con esta preocupación nace *Educación para a Cidadanía...*, situando o seu epicentro na perspectiva coa que os docentes deben asumir un programa de acción educativa que cimente de xeito sólido os valores democráticos e da convivencia cidadá responsable e tolerante. Como

afirman os autores, o gran reto da modernidade no noso sistema educativo aínda está por cumprir, e non é outro que outorgar carta de natureza social, educativa e pedagóxica á educación en valores democráticos nunha ampla como axustable dimensión teórico-práctica, superar o academicismo e os prexuízos de corte ideolóxico, perigos para o sistema educativo, a fin de promover e garantir na esfera pública o tratamento efectivo de todo aquilo que nos permite a identificación como seres civilizados, con actitudes e hábitos de convivencia que se traducen na pacífica deliberación sobre asuntos de interese común nunha sociedade plural e democrática. Porque, ademais de saber interpretar o mundo, os individuos teñen que intentar a súa transformación, aprendendo a manexalo e a manexarse axeitadamente nel.

Este traballo, ferramenta necesaria para os docentes, e en xeral para todos aqueles que queiran afondar na filosofía da materia e o seu sentido co necesario rigor científico, estrutúrase en tres partes. A primeira, "Fundamentos dun desafío", introductoria no seu sentido e dimensións, analiza o contexto europeo e español e aborda fundamentos teóricos desde as perspectivas liberal, comunitarista, republicanista e intercultural. Na segunda parte, "O profesorado diante da educación para a cidadanía" preséntase unha investigación realizada recentemente polos autores entre profesorado de ensino primario e secundario, achegando datos acerca das súas actitudes e percepcións verbo da implantación en Galicia da nova materia, e ao mesmo tempo, identifícanse algunhas das claves que poden facilitar a súa normalización. O obxectivo do estudo non é outro que afondar e perfeccionar a formación do profesorado que imparte a

materia que, como salientan os autores, debe ter ligazón didáctica coa Filosofía, a Historia ou as Ciencias Sociais. Na terceira parte, a modo de consideracións finais, apuntan as conclusións da investigación realizada entre perto dun milleiro de profesores e profesoras mediante entrevista persoal. Complétase a obra cunha ampla bibliografía sobre temas relacionados coa investigación, ademais dunha interesante escolma de referencias dixitais e documentación lexislativa.

Miguel Anxo Santos Rego, catedrático de Universidade e María do Mar Lorenzo Moledo, profesora Titular de Universidade, pertencen ao Departamento de Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social da Universidade de Santiago de Compostela. Son piares fundamentais do grupo de Investigación ESCULCA (Escola-Cultura), galardoado co Premio Nacional á Investigación Educativa 2007, e son recoñecidos os seus traballos e publicacións entre a comunidade educativa de Galicia, do resto do Estado e do estranxeiro no ámbito da educación intercultural, da problemática da inmigración relacionada coa familia e a escola, a pedagogía en contextos penitenciarios ou a educación e sociedade civil.

Pode que a escola, admiten os autores, teña servido para lexitimar unha certa reprodución social, pero cómpre recoñecer, por outro lado, que se trata dun dos poucos espazos nos que é posible manter a ficción da igualdade, nos que é factible garantir dereitos cívicos e, consecuentemente, desenvolver prácticas de cidadanía efectiva.

Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez

Universidade da Coruña

A. RIAL SÁNCHEZ; M. LORENZO MOLEDO (Coords.), *A formación para o traballo en Galicia: da ensinanza obreira á profesional*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia/MUPEGA, 2009

Unha das exposicións realizadas no Museo Pedagóxico de Galicia centrou a súa atención nas transformacións vividas nos estudos e centros de formación profesional en España e particularmente en Galicia. Complementariamente realizouse unha publicación próxima ás 450 pp. con distintas contribucións. Entre elas sinalamos especificamente: unha ampla anotación sobre a evolución lexislativa e normativa española sobre a formación profesional desde 1924, ano de aprobación do “Estatuto de Enseñanza Industrial”, ata a actualidade (pp. 11-85), e unha recollida seleccionada de fontes bibliográficas para a historia da formación para o traballo en Galicia (pp. 331-441), confeccionada por Luís Valle Regueiro, na que se revisa un período anterior entre 1750 y 1923, para seguir logo todo o tempo do XX, facendo destacar as diversas e de cada vez máis numerosas fontes, sobre todo logo da aprobación da LGE de 1970.

Na obra, ben concebida, hai tamén outros textos sobre a orientación na FP, a organización e dirección de centros de FP en Galicia, os corpos e especialidades do profesorado na historia española da FP, a interrelación dos sistemas de FP en Galicia, a presenza da muller, a FP marítimo-pesqueira, ou a educación especial en relación á FP, compoñendo en conxunto un volume de interesante lectura.

Antón Costa Rico

X. M. CID FERNÁNDEZ, *Rosa Pons i Fábregas, unha mestra europea en Parada de Sil. Conversas co seu fillo*. Nova Escola Galega/Concello de Parada de Sil, 2009, 133 páxs.

Outra aportación no marco da historia local de la educación, que nos presenta Xosé Manuel Cid Fernández, poñendo de manifesto as non infrecuentes interrelacións entre os contextos rurais da España e da Galicia dos pasados anos vinte en canto á presenza de orientacións pedagóxicas renovadoras, sin embargo inicialmente experimentadas en contextos urbanos transitados pola forza das correntes internacionais.

Parada de Sil era daquela unha pequena parroquia, sita na provincia de Ourense, bañada, coma hoxe, polo Sil. Foi a tal lugar a onde chegou para exercer como mestra a catalana Rosa Pons, logo de pasar por Barcelona e de entrar en contacto coa pedagogía da Escola Nova. En Parada foi mestra entre os anos de 1925 e 1933, antes de volver a Barcelona onde exerceu ata 1967, volvendo logo a vivir a Parada, onde sería unha importante animadora socio-cultural no teleclub “Ouro do Sil”, que chegou a recibir o primeiro premio español polas súas actividades.

Como mestra Rosa Pons promovía unha didáctica próxima á decrolyana, a través dos centros de interese, dos paseos de estudo, da correspondencia e de algúns exercicios de imprenta escolar. Favoreceu a graduación e a coeducación, fomentou o asociacionismo e a celebración de misións pedagóxicas.

A súa biografía e traxectoria profesional, o seu substrato catalanista, así como as actividades didácticas escolares e de educación social, son recollidas nesta

monografía, co acompañamento de diversos anexos que reproducen, entre outros, algúns dos traballos escolares.

Antón Costa Rico

AAVV, *Doctor Buenaventura Delgado Criado. Pedagogo e historiador. Barcelona, Publicacións i Edicións Universitat de Barcelona, 2009, 803 págs.*

O profesor Buenaventura Delgado (Manzanares, 1935- Ciudad Real, 2007) foi un dos máis notables historiadores da educación en España. Coñecido e recoñecido entre nós deixou unha considerable obra académica da que forman parte os seus estudos sobre Ferrer i Guardia e singularmente a dirección, e múltiples textos, da densa obra en tres amplos volumes *Historia de la Educación en España y América*, que foi un punto de chegada na historiografía educativa española e no coñecemento da historia da educación española e americana, ademais dun programa de traballo aberto e aínda non superado en moitas das súas contribucións e case vinte anos máis tarde. O profesor Buenaventura Delgado, que soubo reunir para isto, tanto aos mellores especialistas, como a autores noveis, tivo, ademais, unha eloxiable traxectoria humana marcada por unha *vis* pedagóxica e educadora constante.

Foi esa traxectoria a que agora fixo posible reunir 39 contribucións, e aínda poderían ser máis, nesta obra de homenaxe *post-mortem*, que decidida e silenciosamente cuidou con esmero académico o profesor Conrad Vilanou, da que aquí veremos só dar constancia, pois non sería doado comentar, tanto debido a súa ampli-

tude, como ao seu certo carácter misceláneo, como é normal nunha obra deste tipo.

Alén de tracexarse nela o perfil humano e intelectual de Buenaventura Delgado, con contribuíos, entre outros, de María Luísa Gutiérrez, Felix Santolaria, Conrad Vilanou e Ramón Cortada, hai un conxunto de traballos de etnografía educativa, con aportacións de Escolano Benito (pp. 149-160) sobre o xiro etnográfico da historia da escola, de Ramón López Martín, e de Eulalia Colleldemont. Ven logo un grande e xenérico apartado de historia da educación no que se inclúen algúns traballos de xeral interese historiográfico, xunto a sempre interesantes calas de detalle: a educación xudea no tempo do Novo Testamento, a paideia na política de Aristóteles, a educación política en Vicente de Beauvais, a vida estudantil na Universidade de Salamanca no tempo de Filipe II, modelos escolares do século XVIII, a idea da natureza en Niederer e en Pestalozzi, o lugar de Jacotott (século XIX), a alfabetización dos cegos no século XIX, a pedagogía catequética, os colexións cataláns dos escolapios, a instrución popular en Cuba no século XIX, os colexios dos xesuítas neste período, a visión da muller na obra de Pedro Poveda, o desenvolvemento da psicopedagogía nos comezos do século XX, a mendicidade infantil, o traballo e a educación, Ferrer e Anselmo Lorenzo ante a educación, a educación da muller en Hermenegildo Giner de los Rios, as figuras de Eladi Homs e de Josep Mallart, a JAE en Mallorca, as mulleres institucionistas represaliadas polo franquismo, e os mestres relixiosos en clandestinidade na Barcelona de finais dos anos 30. Son algúns dos autores Isabel Vilafranca, Javier Vergara, Francisco Alejo, Rosa Domínguez, León Esteban, Jordi Monés, Quintana Cabanas, Ramona Valls, Ramón

Tarrós, Ángela del Valle, Angel Moreu, Cándido Ruíz, Martí Teixidó, Antoni Colom, Nieves García e Teresa Marín.

Antón Costa Rico

M^a J. MÉNDEZ LOIS, *Mulleres na educación en Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia/MUPEGA, 2009.

Formando parte da preocupación por dar a visibilidade oportuna ao protagonismo das mulleres na construción social, unha liña promovida polo feminismo militante, como tamén polas diversas dinámicas de estudo arredor da cuestión do xénero, onde se podería encadrar a celebración en Santiago de Compostela do VI Coloquio Español de Historia da Educación celebrado arredor da temática “Muller e educación: 1750-1968”, como quedou constancia nun espléndido libro de Actas, hai que encadrar tamén unha iniciativa expositiva, de limitados resultados, do Museo Pedagóxico de Galicia, levada a cabo no ano 2008 e agora o presente volume, que aparece como resultado dos traballos dun equipo de investigación, formado case enteiramente por profesoras e licenciadas noveis. Un traballo sobre mulleres e educación en Galicia que ten sobre todo o carácter dun dicionario de nomes de muller, e que deita pouca luz, logo do *Diccionario* que preparou a profesora Aurora Marco e da serie dixital preparada polo Consello de Cultura Galega. En todo caso, na presente obra a atención está centrada estritamente no campo da educación.

Este dicionario, que abre a anterior Conselleira de Educación, chamándolles impropriamente e a todas as mulleres que nel aparecen “precuroras da pedago-

xía”(?), contempla, de seguido, unha introdución para expoñer, por unha parte, os criterios de escolla, e por outra, un percorrido normativo e legal sobre a creación de estudos, de centros e de instancias para a formación das mulleres, organizado cronoloxicamente desde o último tercio do século XVIII. A obra da paso logo ao Dicionario de nomes, con moitos centos de nomes de muller, e céntrase cun índice onomástico e outro toponímico.

Canto aos criterios de selección escóllense -dise- “os nomes de aquelas mulleres que fixeron algunha achega relevante á educación galega” (p.14), nadas antes de 1938, para estaren xubiladas en 2008. Que quere dicir “achega relevante”?; isto debería quedar explicado; en todo caso, desde un certo sentido no uso da linguaxe a grande maioría dos nomes non fixo ningunha achega relevante ao ensino en Galicia, ao punto de que bastantes nomes aparecen porque ou fundaron mediante legao testamentoario ou co-fundaron cos seus homes un pequeno colexio ou unha aula, ou porque o seu nome foi citado por un dado inspector que visitou unha escola nun determinado día no xa lonxano século XIX, tal como se rexistran varios casos, ou porque foron monxas; outras aparecen porque pertenceron á “Sección Femenina de Falange” como “mujeres al servicio de España”, dándose conta nun aparente plano neutral, por exemplo, tanto da notable María Barbeito, como da franquista Buján de Castro, isto é, méritos pedagóxicos e feministas, dunha banda, e méritos políticos franquistas de primeira hora, na outra; ou, aínda aparecen outros nomes de muller, porque sabemos que foron suspendidas de emprego logo do 36, ou porque asinaron (algunhas) un manifesto democrático, pero nin aínda así quedaría por iso garantida a relevancia, pedagóxica ou histórica, e falando dos casos

que se enuncian. Inopinadamente, o criterio de idade de nacemento aparece roto en diversos intreos, sen xustificación plausible, sobre todo, cando se citan algúns nomes e se silencian, entón, outros dolorosamente e con falta visible de ecuanimidade (investigadora).

Canto ao estudo político-legal descriptivo inicial hai que sinalar a súa limitada elaboración. Adícanse oito páxinas para falares do período 1771 a 1857, sete para falares da segunda metade do XIX e só cinco (5) para todo o século XX, que daría ben máis de si. Falamos ademais dun estudo que deba contemplar referentes contextuais, de ideario socio-político, e cuestións como a estrutura social e a presenza feminina, a extracción social das candidatas ao exercicio docente, a vida social das mulleres, a súa participación social, o tempo auroral dos anos 30, os efectos da Guerra, a represión, as mulleres rebeldes contra a sociedade patriarcal e o machismo, o papel tradicionalmente represor da Igrexa,...

Aparecen algúns nomes que practicamente ren tiveron que ver con Galicia e xa non coa educación: As Violantes de Aragón e de Castela, entre outras; de Sor Constanza sabemos agora que “deixou gratos recordos nas mulleres da súa época; era unha muller alta, boa e guapa.”; Abeledo Paz, entre outras, era da Sección Femenina e punto; de outra sabemos que “é lectora de Delibes e de Muñoz Molina”; de outra sabemos que “tiña tres irmáns, Pedro, Jesús e María”; de Concepción Arenal descoñécese, en troques, os títulos dos catro específicos traballos adicados a materia educativa; outras biografías están ben, pero non se ofrece nelas información que non coñecésemos anteriormente...

O dicionario ten a favor, cousa que non é así no de Aurora Marco, unha cons-

tante citación de fontes das que procede a información en cada caso, aínda que en bastantes e de modo non adecuado a fonte é o rexistro que fixo Aurora Marco a quen se lle concede a autoría da información seleccionada, sen ter en consideración que esta autora recolle datos de outros investigadores (citados no seu *Diccionario de mulleres galegas* nunha bibliografía final). O dicionario inclúe tamén 75 fotos de mulleres, aínda que un tercio delas procede do libro de Dieguez que se circunscribe unicamente a mulleres mestras do concello de Redondela. Tampouco se comprende como se consultaron só tres exemplares anuais do *Anuario del Maestro* e non os trinta restantes, nin o “Album da Ciencia” da páxina dixital do Consello da Cultura Galega, onde se atoparía algunha información relevante.

Eu sei da nobreza de intencións de quen coordinou este proxecto e por iso é máis doloroso facer unha valoración crítica desta achega, pero un, que se ven adicando á historia da educación en Galicia hai anos, tamén ten a responsabilidade de dicilo, como noutros casos.

Antón Costa Rico

A. TORRES QUEIRUGA; M. RIVAS GARCÍA, *Diccionario Enciclopedia do Pensamento Galego*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia/Consello da Cultura Galega, 2008, 723 páxs.

Estamos ante un mapamundi cultural referido ás xentes de Galicia que nalgún momento da nosa historia, ata o presente, interviñeron coa palabra escrita, tanto nos debates como no desenvolvemento e

na produción do pensamento; unha cartografía realizada con sistematización biográfica e historiográfica en relación coa reflexión filosófica -en termos amplios-. Un "Who in Who?" de galegos e galegas pensadores, na súa parte de Dicionario, e tamén unha sistematización de campos de pensamento examinados a grandes e sustantivos pasos, coa intermediación de aquelas xentes de Galicia, que en cada un deles se fixeron presentes: na antropoloxía, no pensamento científico, no dereito, na economía, na medicina, na estética, no feminismo, nos idearios políticos, na literatura, na matemática, no nacionalismo, o na pedagogía (pp. 574-599), apartado éste da nosa autoría.

Coxugáronse na obra a diacronía (no que ten de dicionario) coa sincronía, no que ofrece desde o punto de vista enciclopédico. O *Diccionario* de pensamento ofrece as bio-bibliografías dun total de 33 autores, desde Prisciliano (siglos IV-V), a Novoa Santos e Xoán V. Viqueira (primeiro tercio do século XX), xeralmente cun adecuado tratamento, aínda que se observan algunhas irregularidades e silencios. Son, pola súa parte, catorce os temas abordados na Enciclopedia, case sempre escollidos con acertado criterio.

Estamos, así, ante un texto sistemático e rico en información; un antídoto, como escribiu Manuel Barreiro, contra os tempos líquidose contra a información *express*, que contribúe á construción dunha identidade cultural. A súa mesma elaboración e presentación editorial suscitan reflexións sobre a consistencia e a necesidade o no do establecemento de cánones culturais, cuestión que está en debate.

Antón Costa Rico

A. MARTÍN GARCÍA, *Auge y decadencia. Desarrollo económico, cultura y educación en Ferrolterra durante el Antiguo Régimen*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2008.

Estamos ante un estudo histórico que nos permite ter unha información adecuada sobre a problemática e o desenvolvemento educativo vivido por unha pequena cidade da Ilustración, nun período que poderíamos situar entre os anos 1730 e 1830.

Ferrol era a comezos do XVIII unha moi pequena vila marítima. Pero en 1726, Patiño, o "Intendente General de Marina" con Felipe V, soubo ver alí o lugar para un potente Arsenal marítimo. E isto cambiaría aquela xeografía: en 1753 estaban terminadas as grandes obras do Arsenal, case o máis potente de Europa, exemplo de arquitectura racionalista da Ilustración. Xentes de variada extracción social e de diversa procedencia, traballadores manuais, artesanos, técnicos, mariñeiros e militares de alta graduación déronse alí cita todo ao longo da segunda metade do século XVIII, aa chegar en 1790 ás 25000 persoas, chegando a configurar a maior cidade de Galicia, mentres Santiago, tradicionalmente a maior, non chegaba aos 16000 habitantes, e A Coruña permanecía en menos de 14000 habitantes.

A presente obra aborda a cuestión de se houbo unha transformación parella á demográfica e laboral no plano cultural. Ponse nela de manifesto a existencia de dous espazos na cidade: o do común, onde non se aprecia ningún incremento singular, con alguna excepción, a das institucións escolares de ensinanza primaria e unha maior presenza de ensinanzas gramaticais e técnicas, e o espazo relacionado co Arsenal e o mundo militar. No primeiro

espazo faise notar, dentro do mediocre panorama, o intento de establecer o método de ensino da lectura e da escritura seguido nos “Colegios Reales” de Madrid (1792), a breve existencia do “Colegio Militar Gimnástico” (1822), con metodoloxía lancasteriana (como pola nosa parte tiñamos sinalado en 2004), de lo que aquí se ofrecen minuciosos datos, e o maior esforzo rexistrado na escolarización feminina á altura de 1830, que fará que Ferrol se situe á cabeza de Galicia en canto a taxas de alfabetización. En relación co Arsenal, porén, si hai que sinalar que se rexistra un notable desenvolvemento de ensinanzas técnicas e científicas entre os anos 1769 e 1830: créanse, como xa sabemos, unha academia de gardasmarinas, que se inicia con 60 cadetes en 1777, unha academia de pilotos, tan necesaria para a guía de barcos militares que ían e viñan de América, un colexio de medicina e cirurxía e un xardín botánico, ademais de convocarse distintos certames matemáticos, tal como se expón no interesante capítulo 8º desta obra. Con ella gañamos un pouco máis de luz sobre o noso pasado pedagóxico e educativo.

Antón Costa Rico

M. GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, *El idioma de la razón. Ilustración e Inquisición en Galicia (1700-1808)*, Vigo, Nigratrea, 2008.

Unha densa obra na que se estudan as actividades do Tribunal do Santo Oficio da Inquisición no distrito de Santiago durante o século XVIII (existente entre 1574 e 1834), baseándose nos fondos do Arquivo Histórico Nacional. Desde modo son examinados numerosos casos de persoas que por moi diversas motivos (e non só polos

de carácter directamente ideolóxico) foron considerados heterodoxos, ou mesmo malditos, segundo os criterios do Santo Oficio, de tal xeito que así podían ser excluídos da historia do seu tempo, servindo de espanto para outras persoas que tiveran algunha proclividade heterodoxa. O investigador, Martín González, quen leva ofrecido outras contribucións relevantes sobre o debate de ideas no período do Antigo Réxime, recórdanos que no caso da presente investigación quedaron fóra de observación as outras censuras, a relixiosa e a gubernativa (sobre a que investigara Meijide Pardo), facéndonos así conscentes do extraordinario alcance das censuras e das persecucións naquel tempo.

Despois dun primeiro e amplo capítulo sobre os aspectos filosófico-político sometidos a control inquisitorial (o xansenismo e o dereito natural e de xentes, en particular), será a análise do que foi a censura inquisitorial entre os anos 1770 e 1808 en Galicia o que ocupará a maior parte do texto, con atención particularizada no universo dos libros, nos procesos aos ilustrados Vicente do Seixo e Consul Jove, nas manifestacións que aquí tiveron os ecos da Revolución francesa, e nas consecuencias e manifestacións da abolición entre nós do Santo Oficio (papeis periódicos, libros, Biblioteca Universitaria).

Diversos anexos sobre procesos, libros prohibidos e debates, veñen completar un aquilatado e minucioso texto, que deita moita luz sobre mentalidades sociais, controis eclesiaísticos e monárquicos sobre as conciencias, e rupturas ideolóxicas, nuns momentos que pechaban un ciclo social e cultural e ás portas das primeiras manifestacións do liberalismo.

Antón Costa Rico

P. SÁNCHEZ FERRO (dir.), *Entre liñas. Unha ollada á historia da cultura escrita en Galicia. Da Idade Antiga ao século XVIII*. Ourense, Duen de Bux, 2008.

A escrita bibliográfica e o mundo editorial viñeron gozando de tradición historiográfica todo ao longo do pasado século XX. Formando parte a miúdo dunha visión historicista, erudita e positivista. Unha visión que, sen embargo, se renovou a través das correntes da historia social e cultural. E nesta perspectiva onde cabe encadrar esta colectánea de textos que trata de achegarse por unha vía de síntese ao reconto da tradición da cultura escrita en Galicia.

No primeiro dos seus textos, Reboredo Morillo ocúpase da escrita en Galicia na Idade Antiga (pp. 14-44), cun achegamento, sobre todo, ás figuras de Prisciliano, Exeria, Orosio, Idacio e Martiño de Braga; María Baquero Díaz percorre a escrita na Idade Media (pp. 45-77), poñendo de relevo como o patrimonio documental da época, que actualmente conservamos, rexistra 6200 documentos, entre outros asuntos motivo da súa atención; Ofelia Rey Castelao ocúpase da cultura escrita e editada en Galicia entre os séculos XVI e XVIII; a investigadora pon de manifesto que “Galicia pertence ao grupo das culturas periféricas con rasgos que dificultaban o desenvolvemento da cultura escrita”, sinalando tamén que “aquí faltou unha burguesía activa e un sistema municipal con interese por promover a educación”, e que Galicia “importou libros sistematicamente”. Pola súa parte, Xosé R. Barreiro Fernández aporta un seu texto sobre “Literatura clandestina: a crítica social na Galicia de finais do século XVIII”, pechando este volume de revisión do pasado da escrita en Galicia.

Antón Costa Rico

Miscelania de textos

O tempo máis recente deixou entre nós algúns textos dos que paga a pena deixar algunha constancia.

CALVEIRO, M. A., *Festina Lente*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2008.

Unha obra narrativa en galego e arredor dos libros prohibidos na Compostela do século XVII, en particular do denominado Códice dos lavancos e do personaxe Ambrosio Cavaleiro, con interese para a historia da educación e da cultura. Son de destacar o cadro histórico plausible e o cadro xeral de escritos do XVII. Literariamente o texto mantén a atención do lector. Aínda así hai que rexistar un uso por veces mecanicista da lingua e unha ambientación que tamén en ocasións e inoportunamente nos traslada ao gótico medievalizante.

BARRAL MARTÍNEZ M., *Montero Rios e Compostela. Un feudo clientelar*, Santiago de Compostela, Soutelo Blanco, 2008.

A figura de Eugenio Montero Rios é una das máis notables no escenario político e social español e galego de finais do século XIX. Foi tamén Presidente en 1877 da Institución Libre de Enseñanza. E na presente obra adicaselle un cumprido capítulo á presenza de Montero Rios na paisaxe educativa de Galicia. Directa, ou indirectamente, estivo presente en diversas iniciativas que procuraban aquí o desenvolvemento educativo.

PELEGRÍN, A. *et alii, Pequeña memoria recobrada. Libros infantiles del exilio de 1939*, Madrid, Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, 2008.

Unha parte notable do exilio republicano español de finais dos anos trinta estivo com-

posto por ensinantes e pedagogos, homes e mulleres de ampla e interesantísima formación, que trasladaron os seus saberes, e o seu saber-facer, ás distintas terras de Eurpa e de América. Unha pequena parte de aquel tesouro foi recollida, pouco antes de nos deixar, por Ana Pelegrín, quen, unha vez máis, fixou a súa atención nos libros infantís saídos do maxín de creadores españois. Neste caso o segmento escollido foi a Arxentina e a atención foi dar aos creadores e ilustradores de textos literario para os nenos da nova República, e aí, apareceron as figuras galegas de José Otero Espasandín, Colmeiro, Rafael Dieste, Castelao, Eugenio Granell Neira Vilas e Federico Ribas, con atención singular ás creacións reunidas na “Biblioteca Infantil Atlántida” e na “Biblioteca Billiken”.

SEIJAS SOTO, M^a D., *El maestro de Zain*, Madrid, Ediciones Libertarias, 2009.

O profesor Eugenio Otero alertou sobre a aparición deste texto sobre a figura do profesor e inspector de ensino primario lucense Luis Soto Menor, unha das figuras máis destacadas no ensino primario en Galicia durante os anos vinte e trinta. Este libro, escrito por unha das súas netas, é sobre todo, un libro de recordos familiares, que veñen completar os numerosos datos que xa coñecemos sobre a figura de quen foi dinamizador da existencia de colonias infantís, promotor da creación de escolas e de innovacións didácticas, movilizador cívico republicano, e impulsor do asociacionismo docente.

DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. (ed.), *O Darwinismo e Galicia*, Santiago, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2009.

Con ocasión dos 150 anos da aparición editorial de *A orixe das especies* de

Darwin, como unha fundamental teoría científica que, ademais, daría impulso aos estudos sobre a natureza humana e os seus procesos evolutivos, na Universidade de Santiago ven de editarse esta obra colectiva na que, por médio de oito contribucións, se revisa o que significou e aínda significa o darwinismo no espazo cultural, social e académico de Galicia. Actores, controversias e debates; posicións e resonancias nas aulas de ensino; cultivadores da ciencia e detractores. Com textos do propio Diz –Fierros, de Pilar Aleixandre, Th. Glick, Carlos París, Dionisio Pereira, Antón Costa, Xosé R. Barreiro, Alfredo Iglesias, Xosé L. Barreiro e Xosé A. Fraga.

Antón Costa Rico

JOVELLANOS, Gaspar Melchor de, *Memoria sobre educación pública, o sea, tratado teórico-práctico de enseñanza, con aplicación a las escuelas y colegios de niños*. Palma de Mallorca, Departament de Cultura i Patrimoni del Consell de Mallorca. Edición, introducción y notas a cargo de Antoni Colom Cañellas y Bernat Sureda García, 2008, 223 págs.

Estamos ante a afortunada reedición dun dos máis notables escritos do político e polígrafo asturiano Jovellanos. Aquel que elaborou en 1802 no tempo da súa prisión no castelo de Bellver en Mallorca, un fundamental texto para comprender o estado da instrución e da educación en España durante a primeira metade do século XIX, e para percibir tamén o alcance reformista que alimentaron en tal período destacados liberais preocupados pola cuestión educativa. Neste texto Jovellanos revisa todo o

panorama do que daquela se entendía por ensino primario e secundario (neste caso na vertente “humanista”) e propón un amplo e reflexinado conxunto de reformas.

A obra, que fora impresa por vez primeira en 1831, sería de novo en 1858 dentro da edición das obras de Jovellanos que o galego Cándido Nocedal levou a porto no marco da recoñecida Biblioteca de Autores Españoles, sendo esta segunda edición a que os editores actuais tomaron en consideración para a reedición. Unha reedición antecedida por un extenso, analítico e crítico texto introductorio, cun apunte biográfico, referencias á Sociedade Mallorquina de Amigos do País en relación coa educación mallorquina e as súas desexabels reforma e modernización, o pensamento pedagóxico do autor e as diversas e ricas notas sobre o texto de Jovellanos e as súas edicións. Un magnífico texto, pois.

Antón Costa Rico

VIVES, J. L., *Diálogo de doctrina cristiana*, Madrid, Biblioteca de Autores Cristianos y Universidad Nacional de Educación a Distancia. Introducción, edición y notas de Francisco Calero Calero y Marco Antonio Coronel Ramos, 2009.

Incluída na *Collectio Scriptorum Mediaevalium et Renascentium* que dirixen con acerto os profesores Javier Vergara, historiador da educación, e o filólogo Francisco Calero, no prestixioso marco da BAC, aparece esta nova edición crítica dun dos textos máis notables da didáctica humanista e renacentista, obra do valenciano Luís Vives, o humanista de grande talla e recoñecemento europeo. O texto que foi publicado de

modo anónimo e por vez primeira en 1529, fora rescatado en 1925 polo investigador francés do humanismo hispano Marcel Bataillon quen, sen embargo, o atribuíu ao humanista tamén español Juan de Valdés. Na presente edición rectificase tal atribución, e agora se lle reconece a Luís Vives. Os Diálogos conformaron un xénero didáctico de extraordinaria importancia; un xénero que, de algún modo, rescataron os humanistas (entre eles, o propio Vives, e Erasmo), unha vez liberado de escolasticismos medievalizantes. Neste caso é presentado como un xénero catequético, como modo a través do que se expoñen os diversos contidos de doutrina cristiana.

Indícanse na extensa e cuidada presentación desta obra de Vives como conclusións máis relevantes que o seu contido coincide cos principios que definen o cristianismo reformista católico e que Vives deu ao prelo unha profunda obra relixiosa, que se viu eclipsada pola forza dos estudos adicados a outros aspectos da inxente *opera vivesiana*. Na mesma presentación coméntanse todos aqueles aspectos claves á comprensión histórica do texto e detállanse todos os extremos realcionados coa súa nova edición: fontes, bibliografía, normas e corrección de erros, compoñendo, así, un volume de alto valor historiográfico.

Antón Costa Rico

J. VARELA, *Las reformas educativas a debate (1982-2006)*. Madrid, Ediciones Morata, 2007, 188 págs.

Un convite a facer historia(s) do presente da educación. Nun tempo dominado polo presentismo, polo inmediato, pola urxencia, intrigada de “saber qué pasaba

dentro do Ministerio de Educación, cales eran os obstáculos que xurdían cando se intentaba transformar o funcionamento das institucións escolares, e por que as cousas non cambiaban coa suficiente rapidez para facer da escola pública unha institución laica e democrática”, Julia Varela pon á historia da educación máis recente do noso país de rabiosa actualidade.

Tendo como marco as reformas educativas emprendidas polos sucesivos gobernos do PSOE desde o 1982 ata a actualidade, e co propósito de obxectivar un diagnóstico do estado actual do noso sistema de ensinanza, a autora adopta unha visión integral da lexislación educativa e, máis alá da letra da lei, busca analizar os seus efectos, as posibles contradicións entre a norma escrita, a súa aplicación práctica e a interpretación que as diferentes institucións e profesionais fan da mesma, así como os significados que o social amplo lles outorga. Son estas tamén, temáticas compartidas en conversas informais con colegas cos que coincide de cando en vez, e intúe que, sistematizando ese coñecemento que permanece separado, a chispa que produciría ó poñelo en contacto, arroxaría nova luz sobre do sistema educativo actual.

Como a propia J. Varela, os colegas seleccionados para o debate: Gimeno, García Santesmases, Delval, Ramos, Torres, Fernández Enguita, Doz, pero tamén o profesor Carlos Lerena -omnipresente a través dos que se consideran os seus discípulos-, son “persoas progresistas, de esquerdas, preocupados polo sistema de ensinanza, estreitamente comprometidos coa mellora do sistema educativo do noso país, sensibles ás desigualdades ante a educación, defensores da escola pública, partidarios da democracia representativa e participativa”. Son amigos que

levan compartindo inquietudes 25 anos, teñen viaxado na procura de referentes internacionais, organizan seminarios, cursos ou congresos para intercambiar ideas, e adícanse a investigar cómo mellorar a educación e, por ende, a sociedade.

Baixo títulos diferentes, cada capítulo, dos sete que contén o libro, é escrito por un dos expertos, o que fai supoñer que resulta doado rescatar de cada un deles as temáticas chave, a priori supoñemos que diferentes. Pero a medida que se entra no libro, asistimos a un verdadeiro debate educativo que, lonxe de caracterizarse por esa retórica oca que todo o invade, as controversias son aquí nomeadas polo seu nome, e isto alónxanos da tan cómoda asepsia. Julia contaxia a súa paixón polo coñecemento, as súas preguntas descolocan por veces ós seus informantes, conquire que falen tamén entre sí e, as súas voces, a modo de círculos concéntricos, superpóñense, matízanse, complementáanse e, ás veces, contradícen, tamén obriga á quen lé, a posicionarse na súa reflexión. Non todo vale.

A ampliación da escolarización obrigatoria e a dificultade na realización da compresividade na práctica reabre o debate, no xa só da igualdade de oportunidades, senón tamén de trato e de logro, o evidenciarse que este ideal democrático universalista mantense sobre a base de ignorar que en moitos casos non se cumpre. Fronte á dimensión sociopolítica e pedagóxica do modelo educativo que a autora e os autores defenden para unha escola realmente democrática, explican cómo nas sucesivas reformas, aínda que en diferente grao, permanece instalado o discurso tecnocrático defendido por unha parte da psicoloxía, representada pola corrente constructivista. Denuncian como o tratamento dado á diversidade e á cultura do esforzo

desde este paradigma, contribúe á individualización dos problemas sociais ó facer desaparecer do discurso político as clases sociais, os sesgos culturais, os racismos, os sexismos e explicar as desigualdade en termos de diversidade natural. Asemade, esta perspectiva, parte do suposto de que xa vivimos nunha sociedade na que existe igualdade de oportunidades, ó non explicar porqué o alumnado que fracasa escolarmente pertence maioritariamente a colectivos sociais vulnerables. Con esta metamorfose que troca a responsabilidade social en culpa individual, destrúese o colectivo, négase a posibilidade de reaccionar, de resistir.

No marco escolar, o interese polo benestar da infancia significa asegurar que todo alumnado teña éxito naquela escolaridade definida como obrigatoria, pero das temáticas ausentes nas sucesivas reformas destacan algunhas directamente relacionadas con este asunto: os nomes das asignaturas que representan o tipo de contidos seleccionados e a maior ou menor rixidez das categorías espacio-temporais ó permaneceren practicamente intactas.

Julia e os colegas cos que debate, parecen colocar a felicidade e a creatividade da infancia no núcleo das súas propostas. Motivar, traballar en sintonía co alumnado, ensinar a pensar, sentar as bases para que a convivencia sea máis doada, deseñar proxectos coas diversas institucións sociais que ubiquen a escola como foco dinamizador da cultura. Á súa vez, este modo de educación esixe un profesorado formado, culto, comprometido cunha sociedade máis xusta, que guste do traballo en equipo e con ilusión e mesmo paixón por educar.

A Administración educativa ten que garantir as condicións para que o profesorado poda desempeñar ben o seu traballo,

contribuír a crear as condicións para unha ensinanza máis democrática no seu funcionamento, con maior participación de nais e pais e o fomento de novas experiencias educativas. Fronte a tradición individualista da práctica docente, apostan pola necesidade de impulsar estruturas que faciliten a coordinación, a reflexión común, promover a participación; valorar o micro avaliando o traballo nas aulas e establecer unha carreira docente cun sistema serio de estímulos para vehicular a innovación, incentivando o esforzo e o traballo pois as carreiras docentes non poden ser só ascendentes.

As reformas educativas a debate, é unha reflexión rigorosa sobre algúns dos retos que ten prantexado o sistema educativo na actualidade. Para elo, a autora, con gran acerto, decide convidarnos a dar un rodeo para coñecer de onde vimos, cal é a situación na que estamos, cales son os principais obstáculos que nos impiden avanzar. É neste paseo, que descubrimos tamén que os autores da obra son persoas con capacidade de indignarse, de implicarse emocionalmente ante a distancia que media entre as utopías profesionais e as realidades escolares. Vemos como as traectorias persoais e profesionais, lonxe de permanecer separadas, se cruzan: persoas de carne e oso que comparten certa inxenuidade pedagóxica, desesperan ó comprobar que a realidade ten as súas propias leis, se indignan (“pasei moita vergoña”), se impresionan, sintan frustración cando as súas propostas chocan de fronte coa parte de irracionalidade da política, os intereses, as presións, as alianzas, que responden a estratexias de poder. Vemos inclusive como se exerce o poder. Comparten un sentimento de desencanto cos socialistas que consideran brandos especialmente coas esixencias da igrexa, pero tamén cos sindicatos e co sector máis

conservador do profesorado. Destacan tamén o medo da clase política a que se organicen resistencias ás reformas, aínda cando estas se aloxan do ideal dunha escola única, republicana e laica e os oriente cara unha concepción máis tecnocrática e aparentemente menos ideolóxica.

Esta historia do presente, este modo de obxectivar un diagnóstico do estado actual do noso sistema de ensinanza, contribúe a ampliar os saberes, a desenvolver formas de pensar máis formadas, máis libres de rutinas, posibilitando praxes socioeducativas máis esixentes na denuncia das inxustizas; novas prácticas políticas que asignen á xustiza social en educación unha posición nuclear, aínda que este novo discurso só poda nacer da comprobación dalgún dos efectos inxustos que producen certas rutinas.

Julia Varela nos fai partícipes deste debate, nos ofrece argumentos para sentir a necesidade de prolongalo, de modo que podamos decidir, con maior coñecemento de causa, que escola e que institucións sociais queremos construír para que este país goce de maiores cuotas de liberdade, de igualdade e de solidariedade.

Ana Iglesias Galdo

Universidade da Coruña

A. COSTA RICO, *A construción do coñecemento pedagóxico. Antecedentes e desenvolvementos no século XX*. Santiago, Instituto de Ciencias da Educación, 2009.

A comprensión da realidade e a súa explicación pode ser sinalada como o produto socio-cultural dunha sociedade enca-

drado nun momento concreto, coa súa multiplicidade de niveis e campos discursivos. Referido ás cuestións educativas, aparece aquí entendido como un “saber para acción”, ademais da necesaria reflexión. Un conxunto de enunciados e documentos sobre prácticas e coñecementos prácticos, historicamente situados nun campo. O coñecemento pedagóxico sería, por tanto, unha modalidade específica e sectorial de coñecemento *xeral* que tería como obxecto describir, explicar e orientar a práctica educativa, mediante unha elaboración consistente e sistemática de coñecementos teórico-prácticos sobre competencias e decisións que se articulan para incidir e regular con eficacia os procesos formativos. Así o mantén Antón Costa no seu último traballo que aquí presentamos: *A construción do coñecemento pedagóxico. Antecedentes e desenvolvementos no século XX*.

Estamos diante dun traballo elaborado con vocación de síntese, polo que se xustifica que malia non estar presentes todos os asuntos que suscitaron a atención do estudo pedagóxico ao longo do século XX, aquí son abordados os máis significativos. Un traballo que considera “pensado coa intención de orientar lecturas, facilitar unha comprensión interpretativa do desenvolvemento pedagóxico, axudar a suscitar interrogantes críticos, e contribuir con todo iso á formación pedagóxica e á comprensión dos feitos educativos escolares, nun tempo de intensa fragmentación da cada vez máis abundante e sectorializada información e do propio coñecemento tamén no campo das Ciencias da Educación”.

A obra é o resultado dunha sistemática investigación documental para poder ofrecer unha síntese de coñecemento, axustada e valiosa, que se presenta como instrumento de traballo para o profesorado, os

estudantes de Ciencias da Educación e todo lector interesado no coñecemento pedagóxico, en particular en Galicia. É por isto que tamén se escribe en galego, como unha contribución máis á desexable normalización cultural e lingüística.

Está estruturada en dúas partes, que seguen a un texto introdutorio. Na primeira, “A memoria proxectada sobre o presente”, realízase un interesante recorrido crítico polos antecedentes, que arranca do planteamento empírico de Locke no fin do século XVII, cando se inicia o que o autor denomina “unha nova educación” e se deixa atrás o academicismo racionalista. Detense en Herbart e Hegel, a universalización da educación defendida por Spencer ao abeiro das transformacións sociais, científicas e técnicas do século XIX; analiza a influencia paulatina dos estudos achegados pola psicoloxía científica na elaboración do coñecemento pedagóxico ata chegar a mediados do século XX, coa concepción pragmatista e utilitarista de John Dewey ou Édouard Claparède. Salienta, asimesmo, os debates e posicións xerados no primeiro terzo do século XX como eran, entre outros, o conductismo de Edward Thorndike e a Psicoloxía da Forma ou *Gestalt*. Detense na fonda pegada das experiencias da Escola Nova, “un conxunto de centros caracterizados como escolas activas, en tanto que procuraban fomentar a iniciativa do alumnado, o traballo en equipo e a autodisciplina, en contraposición coas escolas tradicionais, coa convicción de que era positivo partir da actividade física e intelectual dos nenos, para lograr un coñecemento duradeiro”. Entre eles, afonda nas grandes expresións pedagóxicas deste movemento renovador: María Montessori e Ovide Décroly, e Célestin Freinet como continuador desta corrente.

Na segunda parte, “Un novo panorama: debates, estudos e propostas entre os anos 50 e os anos 90 do século XX”, o profesor Costa arranca do fin da segunda guerra mundial para analizar a influencia dos estudos sociolóxicos e expoñer as teorías e conceptos que parten da Socioloxía da Educación: entre as perspectivas estrutural-funcionalistas co seu acento social referido á realidade educativa, ata as posicións neo-marxistas de Louis Althusser, e as teorías da reprodución social e cultural de Bourdieu e Passeron... Desde as análises sociolingüísticas de Basil Bernstein, o funcional-positivismo defendido por Skinner que deu lugar á concepción condutista e tecnolóxica do ensino desenvolvida entre outros por Ralph Tyler, Tolman ou Gagné, ata a influencia da psicanálise e os estudos da conduta humana de Freud. E por suposto, sen descuidar os aportes da denominada teoría crítica.

Da preocupación pola elaboración de modelos non directivos e antiautoritarios a través das reflexións de Carl Rogers, Wilhelm Reich, Vera Schmidt, Michel Lobrot, que guiaron a Alexander Sutherland Neill naquel experimento escolar, hoxe xa *clásico*, que significou Summerhill... á psicoloxía xenética e a influencia de factores externos e internos na construción do coñecemento individual alumeada por Jean Piaget ou Vigotsky. Da pedagogía crítica que formulou o coñecemento como “construción social” ata as achegas de Apple e Giroux sobre a natureza dos procesos de instrución escolar e a dialéctica entre transmisión cultural e resistencia... pasando polos estudos sobre o currículo, para rematar coa atención que á teoría e práctica docente lle dedican diferentes autores dentro e fóra das nosas fronteiras.

Na terceira, o autor conclúe cunha serie de teses que pechan esta rica, variada e documentada exposición do proceso de construción do coñecemento pedagóxico e que aquí resaltamos nunha breve reflexión: “os procesos educativos non acontecen só na mente dos suxeitos, senón que están condicionados polos seus contextos de formación, como de distintos modos viñeron poñendo de relevo a socioloxía da educación, a socioloxía do coñecemento e do currículo e as teorías críticas ao facer evidente que o coñecemento é, sobre todo, unha construción social condicionada polos poderes que exercen o control social”.

O autor realiza deste xeito un percorrido investigador e ensaístico arredor dos antecedentes e os salientables desenvolvementos acadados pola construción do coñecemento pedagóxico do século xx, deténdose especialmente na evolución da concepción técnico-funcionalista, ao servizo da modernización social e económica (momentos posteriores á Segunda Guerra Mundial) e na revisión levada a cabo polas análises do estruturalismo marxista. Neste percorrido histórico vanse engranando as teorías e conceptos pedagóxicos, coas correntes filosóficas, os debates sociolóxicos e tamén as influencias políticas que foron conformando e enriquecendo o “saber pedagóxico” actual. Esta complexidade, como sinala o autor, derivada da incorporación e articulación de saberes de natureza distinta que fixo do coñecemento pedagóxico unha disciplina científica cando menos fragmentada, senón dispersa, configurada en conxunto como “Ciencias da Educación”, o que obriga a extremar en torno a ela a reflexión epistemolóxica, para reducir, entre outros, os ris-

cos de dispersión, tarefa que, sen dúbida, preocupa á Teoría da Educación.

Antón Costa Rico é profesor da Facultade de Ciencias da Educación da USC, da que foi Decano, e ten desempeñado a súa docencia nos campos da política educativa e da historia da educación durante máis de tres décadas. É autor de traballos de referencia, como o xa clásico *Escolas e Mestres* (1989) ou o recoñecido e premiado *Historia da Educación e da Cultura en Galicia* (2004). Coñecida é a súa militancia política e tamén o seu traballo no campo da renovación pedagóxica en Galicia, como fundador e traballador incansable, ata o presente, no movemento Nova Escola Galega.

Mediante *A construción do coñecemento pedagóxico...* o autor achéganos un traballo moi elaborado, exhaustivo. Meticuloso no contido, sen deixar de ser ameno na forma, que se enriquece con citas a pé de páxina, e axuda á comprensión mediante variadas táboas e gráficos. Ademais de conter información substancial sobre a evolución do coñecemento pedagóxico, amosa unha clara intención didáctica, ao deixar deliberadamente portas abertas que convidan ao lector interesado a emprender camiños parciais, máis específicos, merecedores de maior detemento, no campo da Teoría, da Historia ou da Socioloxía da Educación... grazas a unha selección bibliográfica dividida en libros e artigos, que dá como resultado un documento importante para a formación dos educadores e educadoras. É a lección que nos deixa un mestre cultivado na materia, e experimentado no oficio de ensinar.

Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez
Universidade da Coruña